

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria de Xunta de Goberno que terá lugar o xoves, día 9 de setembro de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, n ° 17/10, do 26 de agosto.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 13/07/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 214/2010, interposto por don José Aldrey Fernández e Mapfre Familiar, SA, sobre responsabilidade patrimonial.

3.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, do 30/06/2010, recaída en PA 304/2009, interposto por don Manuel Duarte Pensado, sobre responsabilidade patrimonial.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 26/07/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 315/2010, interposto por don Juan Carlos Barambio Moreno, sobre responsabilidade patrimonial.

5.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 13/07/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PO 208/2010, interposto por Energías Especiales del Noroeste, SA, sobre tributos.

6.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 23/07/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PO 207/2010, interposto por Energías Especiales del Noroeste, SA, sobre tributos.

7.-Toma de coñecemento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, do 17/06/2010, recaída no recurso 4166/2008, interposto por esta Deputación provincial contra a resolución do director xeral de Tráfico do Ministerio do Interior, pola que se desestimaba o recurso de alzada interposto contra a resolución da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, do 01/03/2007, pola que se denegaba a autorización para a instalación de dispositivos luminosos de sinalización e advertencia, sinal V2, nos 16 vehículos destinados ao Servizo Provincial de Vías e Obras.

8.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 23/07/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no rec. n° PO 252/2010, interposto por DIVICOTEL, SL, sobre a incautación de garantías relativas ao contrato de reparación do polideportivo de Ponte do Porto.

9.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 27/07/2010, pola que se dispón a comparecencia do letrado-asesor xurídico desta Deputación provincial, en

nome e representación do Consorcio As Mariñas, no recurso nº PA 176/2010, interposto por don Carlos Cambón Gerpe e dona Josefina Torreira Serramos, sobre vía de feito.

Patrimonio e Contratación

10.-Modificar o acordo da Xunta de Goberno do 24.06.2010, relativo á adxudicación de servizos de redacción dos proxectos de mellora de seguridade viaria nas estradas provinciais DP 5815 e 5810 (Oleiros).

11.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a contratación e o Prego de cláusulas administrativas para a contratación da xestión económico-administrativo e control financeiro das actuacións á coordinación técnica e seguimento do proxecto PARNET-TIC.

12.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se complementa o acordo da Xunta de Goberno do 08-07-2010, relativo á adxudicación definitiva das obras de instalación dun sistema de protección contra incendios no Fogar Infantil Emilio Romay.

13.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se complementa o acordo da Xunta de Goberno do 08-07-2010, relativo á adxudicación definitiva das obras de urbanización da estrada provincial DP 1901 Carballo-Sísamo (Fase I) PK 0+000 ao 0+730.

14.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se complementa o acordo da Xunta de Goberno do 08-07-2010, relativo á adxudicación definitiva das obras de complementario nº 1 do de mellora da seguridade viaria na DP 1704 Cambre a Carral PK 5,920 ao PK 9,840 (Carral).

15.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar provisionalmente a contratación da redacción de proxecto, tramitación de autorización, execución, legalización e posta en marcha de instalacións solares térmicas en instalacións municipais da provincia.

16.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar provisionalmente a contratación da redacción de proxecto, tramitación de autorización, execución, legalización e posta en marcha de instalacións solares fotovoltaicas en instalacións municipais da provincia.

17.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación de determinación do tipo de bens para a subministración de ordenadores portátiles e escáneres para a Deputación Provincial da Coruña.

18.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación dos servizos de normalización, racionalización e simplificación dos

procedementos administrativos tributarios e recadatorios para a súa posta en marcha na aplicación tributaria da Deputación da Coruña.

19.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación da subministración e actualización de licenzas con destino á Imprenta provincial.

20.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación de actuación en árbores concretas do Pazo de Mariñán.

21.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación da asistencia á Deputación para a redacción do proxecto de remodelación e acondicionamento da travesía de Senande (Muxía) na DP 3403 PK 3+600 ao PK 4+300 (18).

22.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas na terceira fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo: rutas sendeirismo lote 1 Pr. Mandeo. (Sobrado, Curtis e Aranga).

23.-Adxudicación definitiva do contrato de subministración de gasóleo “C” ao pazo de Mariñán (segunda convocatoria).

24.-Aprobar o proxecto de reforma do cadro do taller de carpintería do Colexio Calvo Sotelo.

25.-Aprobar o contrato menor de servizo de acceso en liña a contidos sobre lexislación e xurisprudencia para a Deputación e concellos da provincia da Coruña.

26.-Aprobar o contrato menor de subministración dun ordenador portátil para entregar como primeiro premio do I concurso de cómic “A medias” organizado pola Sección de Servizos Sociais.

27.-Aprobar o contrato menor para a realización dun curso denominado “Tramitar as solicitudes por transmisión de dominio sobre inmobles na aplicación GTT. Cód. 430”.

ROGOS E PREGUNTAS